

II ANIVERSARIO DE DESCONCIERTO CULTURAL

[Desconcierto Cultural](#) celebra o seu aniversario coa presenza dalgunhas das bandas máis interesantes do panorama independente estatal en varias cidades galegas. A **Asociación Cultural** conmemora os seus dous anos de existencia o vindeiro mes de marzo da man de **McEnroe**, **Elle Belga**, **Carrero Bianco** e **The Soul Jacket**.

O sábado 16 de marzo será o día grande para Desconcierto Cultural, responsable de eventos musicais como a [Romaría Pop](#), o ciclo [terraZeando](#) e o recente [Samain Rock](#). Igual que no primeiro aniversario da asociación, escusa daquela para a visita de **Lisabö**, a celebración é unha oportunidade inmejorable para homenaxear a socios e público coa visita de bandas estatais de referencia. Nesta ocasión, McEnroe, The Soul Jacket e Carrero Bianco actuarán na festa de aniversario en **Santiago de Compostela**, que vai contar con concertos de presentación a semana anterior en **Vigo** e **Ourense** a cargo de Elle Belga. As entradas anticipadas para todos os concertos pódense adquirir en desconciertocultural.ticketea.com, a un prezo de 10€ a festa de aniversario, e de 6€ os concertos de presentación.

Os protagonistas da festa serán McEnroe, grupo de **Getxo** cunha proposta a medio camiño entre o *shoegaze* e o folk-pop máis pausado. A banda, difícil de ver nos escenarios galegos, virá presentar o seu último disco, *Las Orillas*. Se ben neste novo traballo fan gala dunha maior luminosidade ca nos anteriores, a melancolía, transmitida a través das coidadísimas letras e da persoal voz de Ricardo, segue a ser o sinal de identidade da banda. Os primeiros **Mojave 3**, **Red House Painters** e un universo poboado de chuvia, mar e amores frustrados marcan as coordenadas estilísticas da proposta.

No concerto, que se enmarca dentro do **Ciclo Compostela Rock** e que comezará ás 21.00 na **Sede SGAE-Fundación Autor**, os vascos terán o seu contrapunto perfecto en The Soul Jacket. A banda galega situouse, coa publicación do seu sorprendente primeiro álbum *Wood Mama*, nun posto privilexiado na escena underground nacional con máis querenza polos sons americanos. Dotados dun directo abraiante, The Soul Jacket esgotaron a primeira edición do seu debut, que foi escollido como segundo mellor álbum nacional na lista anual de **Ruta66**.

O espectacular dobre programa na Fundación Autor terá o seu colofón co concerto de Carrero Bianco no **Kunsthalle**, o mesmo día 16. Ideais para pechar calquera festa que se prece, os galegos porán en escena o pop electrónico, escacharrado e bailable, que locen dende o 2009. No seu último traballo, o EP *Blíster*, non falta a ácida pero divertida ironía marca da casa.

Os festexos do día 16 en Santiago de Compostela complementáanse cunha xira de presentación moi especial, que levará a Elle Belga aos escenarios de Ourense e Vigo. A banda de **José Luís García** (ex **Manta Ray**, ex **Viva las Vegas**) e **Fany Álvarez** lucirá a súa impecable e elegantísima posta en escena os días 8 e 9 de marzo no

Torgal e na **Casa de Arriba**, respectivamente. Marabilloso proxecto de pop elegante, son delicado e gusto exquisito pola recuperación do imaxinario do cancionero popular, Elle Belga ofrece un directo minimalista, sobrio e, se cadra xusto por iso, repleto de emoción.

Datos dos concertos

08/03/13 | 22:00 - Concerto presentación aniversario: Elle Belga

Café & Pop Torgal (Rúa Celso Emilio Ferreiro, 20, Ourense)

Anticipada 6€ (+gastos) | Taquilla 8€

Entradas no Café y Pop Torgal ou en ticketea.com/elle-belga-ourense

09/03/13 | 22:00 - Concerto presentación aniversario: Elle Belga

La Casa de Arriba Pop (Martín Códax, 23, Vigo)

Entrada Única: 6€ na Casa de Arriba Pop ou en ticketea.com/elle-belga-vigo

16/03/13 | 21:00 - Festa de Aniversario: McEnroe + The Soul Jacket

Sede SGAE / Fundación Autor (Rúa das Salvadas 2A, Parque de Vista Alegre)

Anticipada: 10€ (+gastos) | Taquilla: 12€ | Socios gratis

Entradas no Teatro Principal, A Reixa Tenda, ou en ticketea.com/mcenroe

16/03/13 | 00:00 - Fin de Festa: Carrero Bianco

Kunsthalle (Rúa da Conga, 8)

Entrada libre

Ligazóns

	McEnroe	The Soul Jacket	Carrero Bianco	Elle Belga
Web:	Oficial Facebook	Facebook	Facebook	Facebook
Audio:	Spotify	Bandcamp	Bandcamp	Spotify
Vídeo:	1 2	1 2	1	1
Foto:	1 2	1 2	1	1

